

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

20064 Orde ARM/3372/2010, do 27 de decembro, pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles.

Por esta orde incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2009/74/CE da Comisión, do 26 de xuño de 2009, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e en determinados anexos das directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Estas directivas e as súas sucesivas modificacións xa foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno, mediante o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986 e modificacións posteriores, e no que respecta ás sementes de plantas téxtiles, polo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, obxecto de sucesivas modificacións.

Dado que estes regulamentos técnicos sufriron importantes modificacións durante estes anos e que a Directiva 2009/74/CE introduce igualmente amplas modificacións nos anexos, considerouse máis adecuado aprobar un novo Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles.

As características das sementes de especies de plantas téxtiles descritas no regulamento serán tidas en conta e serán aplicables ás importacións de sementes de países terceiros ou á comercialización dos procedentes do Espazo Europeo en aplicación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro aprobado pola Orde do 23 de maio de 1986, coa excepción das distancias mínimas de cultivo, onde se aplicarán as dos respectivos Estados de orixe a partir da certificación que, no caso de Estados terceiros, faga a Comisión Europea tendo en conta as normas da OCDE ou simplemente en aplicación das distancias que regule cada Estado do Espazo Europeo.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. Aprobación do Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles.

Apróbase o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles co contido que figura no anexo desta disposición.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Queda derogada a Orde do 1 de xullo de 1986 pola que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles.

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/74/CE, da Comisión, do 26 de xuño de 2009, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/55/CE e 2002/57/CE do Consello, no que respecta aos nomes botánicos das plantas e aos nomes científicos doutros organismos, e determinados anexos das directivas

66/401/CEE, 66/402/CEE, 2002/57/CE, á luz da evolución do coñecemento científico e técnico.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo a regulación relativa ás sementes importadas, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.10.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de decembro de 2010.—A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Rosa Aguilar Rivero.

ANEXO

Reglamento técnico de control e certificación de sementes de plantas téxtiles

I. *Especies suxeitas ao regulamento técnico*

Quedan incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento técnico as sementes das seguintes especies de plantas téxtiles:

- «Cannabis sativa L.»: cânabo.
- «Gossypium spp.»: algodón.
- «Linum usitatissimum L. (partim)»: liño téxtil.

Só se poderá denominar «semente» das plantas téxtiles mencionadas a que procede de cultivos controlados polos servizos oficiais de control, e que se obtivese segundo as disposicións contidas neste regulamento; na Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, no Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro e modificacións posteriores, así como na Orde do 23 de maio de 1986, pola que se aproba o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro e modificacións posteriores.

Tamén poderá recibir a denominación de «semente» a importada que cumpra cos correspondentes requisitos legais.

II. *Categorías de sementes*

a) En variedades das especies algodón e cânabo admítense as seguintes categorías:

- Material parental.
- Sementes de prebase.
- Semente de base.
- Semente certificada de primeira reprodución (R-1).
- Semente certificada de segunda reprodución (R-2).

En variedades de liño admítense as seguintes categorías:

- Material parental.
- Sementes de prebase.
- Semente de base.
- Semente certificada de primeira reprodución (R-1).

Semente certificada de segunda reprodución (R-2).

Semente certificada de terceira reprodución (R-3).

b) O material parental é a unidade inicial utilizada na conservación da variedade e constitúe a xeración X-0. As sucesivas multiplicacións deste material denominaranse X-1, X-2, X-3, etcétera, e constitúen as sementes de prebase.

c) Enténdese por semente de base a obtida como máximo na terceira xeración para cáñabo e cuarta xeración para algodón e liño desde o material parental, salvo en variedades de obtentor en que se admitise unha xeración distinta, ao se efectuar a súa inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais.

No caso de produción de semente híbrida considerárase como semente de base a dos parentais utilizados directamente para a obtención do híbrido.

III. *Variedades comerciais admisibles á certificación*

Nas especies para as cales se establecese unha lista española de variedades comerciais ou un catálogo común de variedades da Unión Europea, só se poderá producir para se presentar á certificación oficial e comercializarse semente de variedades incluídas neles, con excepción daquela que se destine exclusivamente á exportación.

IV. *Produción de semente*

a) Requisitos dos procesos de produción: salvo o disposto na letra b) para as xeracións anteriores á semente de base e na letra d) para a produción de semente de liñas parentais e híbridos de algodón, os campos de produción de sementes deben cumprir os requisitos que se sinalan no anexo 1.

b) Requisitos especiais para a obtención de semente de base:

1. Método para a conservación dunha variedade comercial: o método para a conservación de variedades de obtentor será o descrito na inscrición destas no Rexistro de Variedades Comerciais de Plantas, seguindo normas de selección varietal conservadora xeralmente, admitida para a especie.

O método que se debe seguir, para a conservación dunha variedade de algodón de obtentor non coñecido, baséase:

a') Elección de plantas en parcelas de polinización libre e proba de descendencia, multiplicándose en liñas a semente de reserva procedente daquelas. Enténdese por liña o conxunto de plantas que proceden das sementes dunha mesma planta.

b') Autofecundación de plantas elixidas no campo de multiplicación da variedade de que se trate e que posúan as características típicas, morfolóxicas e fisiolóxicas dela e sementeira en liñas das sementes procedentes das plantas autofecundadas non rexeitadas en laboratorio, por reuniren as condicións que caracterizan a variedade.

c') Elección de plantas en parcelas de polinización libre dunha variedade, multiplicando en liñas a descendencia daquelas que, polas súas características estudadas en campo e laboratorio, non fosen desbotadas.

En todos os casos se terán en conta as características das fibras nas determinacións de laboratorio.

d') Material parental. O material parental obtérase mediante a recolla de plantas en campos de máxima garantía varietal, de acordo co indicado anteriormente, e en número que en ningún caso sexa inferior a 1.000. Unha vez desbotadas en laboratorio, e nas probas de descendencia, de ser o caso, aquelas que presenten características impropias da variedade que se pretende conservar, e tendo en conta as reservas cando estas estean constituídas por sementes de plantas distintas das empregadas, debe quedar un remanente que permita a sementeira de non menos de 200 liñas.

e') Produción de X-1. Os campos de produción de X-1 estarán formados polas liñas sementadas co material parental, e en ningún caso se poderán elixir para este fin parcelas nas cales se cultivase na campaña precedente algodón de distinta variedade ou nas cales

a falta de homoxeneidade do solo puiden dificultar a determinación das variacións de tipo das plantas resultantes. Estas condicións observaranse tamén nas sementeiras das restantes xeracións anteriores á semente de base.

Como consecuencia das observacións realizadas ao longo do proceso vexetativo, así como en laboratorio, rexeitarase toda liña en que aparezan plantas aberrantes.

As parcelas de produción de X-1 deberán estar illadas de calquera sementeira de algodón polas distancias mínimas sinaladas no anexo 1 para semente de base coas seguintes excepcións:

Dez metros cando o cultivo próximo estea sementado con semente de base ou xeración anterior da mesma variedade.

Dous metros cando o cultivo próximo está sementado con semente X-1 para producir X-2 da mesma variedade.

Poderase autorizar que a distancia mínima exixida sexa inferior á sinalada en tales casos cando existan barreiras de obstáculos que dificulten o traslado do pole e aseguren a imposibilidade de mesturas.

f) Produción de xeracións sucesivas:

Para a obtención da semente correspondente á X-2 sementaranse conservando a súa filiación as familias resultantes das liñas de produción de X-1 non desbotadas, nin en campo nin en laboratorio; enténdese por familia o conxunto de plantas que proceden da semente das plantas dunha liña.

No caso en que se considere como semente de base a xeración X-4, as parcelas de produción de X-3 sementaranse conservando a filiación, e no caso en que, de acordo co disposto en II.c), se considere como semente de base a xeración X-3, nas parcelas de produción de sementes desta xeración sementaranse, sen necesidade de conservar a filiación, a semente recollida nas parcelas de produción de X-2.

As parcelas de produción de X-2 e X-3 deberán cumprir como mínimo os requisitos sinalados no anexo 1 para a semente de base, excepto no que ao tamaño mínimo se refire.

Nestas multiplicacións deberanse eliminar todas as plantas cuxas características non correspondan á variedade que se conserva. Se nun campo de produción de X-2 se observa máis dun 2 por 100 de plantas fóra de tipo dentro dunha familia, rexeitarase a familia completa.

2. Inspeccións que se realizarán: realizaranse inspeccións oficiais aos campos de produción de semente de base e xeracións anteriores, polo menos, dúas veces: unha durante a floración e outra na maduración e próxima á recolección. O persoal técnico do produtor, cantas veces sexan precisas para manter, en todo momento, as parcelas debidamente depuradas.

c) Requisitos específicos para a semente certificada:

1. Variedades nunha leira: nunha mesma leira de agricultor-colaborador só se poderá cultivar para obtención de semente unha soa variedade, salvo autorización expresa dos servizos oficiais de control.

2. Inspeccións que se realizarán: realizaranse inspeccións oficiais ou baixo supervisión oficial a toda parcela de produción de semente certificada, polo menos, dúas veces, nas épocas sinaladas no punto IV.b) para a semente de base e xeracións anteriores.

O persoal técnico do produtor efectuará, polo menos, as inspeccións necesarias para comunicar aos servizos oficiais de control os datos que determina este regulamento técnico. Nas operacións de sementeira e resemteira estará sempre presente un representante do produtor.

d) Requisitos especiais para a produción de semente de liñas parentais e híbridos de algodón:

1. Illamento.—As distancias mínimas a fontes de pole que poidan producir unha polinización estraña prexudicial serán as seguintes:

Para a produción de semente de base de liñas parentais de «*Gossypium hirsutum*»: 100 m.

Para a produción de semente de base de liñas parentais de «*Gossypium barbadense*»: 200 m.

Para a produción de semente certificada de híbridos intraespecíficos de «*Gossypium hirsutum*» producidos sen androesterilidade citoplasmática: 30 m.

Para a produción de semente certificada de híbridos intraespecíficos de «*Gossypium hirsutum*» producidos con androesterilidade citoplasmática: 800 m.

Para a produción de semente certificada de híbridos intraespecíficos de «*Gossypium barbadense*» producidos sen androesterilidade citoplasmática: 150 m.

Para a produción de semente certificada de híbridos intraespecíficos de «*Gossypium barbadense*» producidos con androesterilidade citoplasmática: 800 m.

Para a produción de semente certificada de híbridos interespecíficos de «*Gossypium hirsutum*» e «*Gossypium barbadense*» producidos sen androesterilidade citoplasmática: 150 m.

Para a produción de semente certificada de híbridos interespecíficos de «*Gossypium hirsutum*» e «*Gossypium barbadense*» producidos con androesterilidade citoplasmática: 800 m.

Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra calquera polinización estraña non desexable.

2. Plantas fóra de tipo.—As porcentaxes máximas admitidas de plantas fóra de tipo serán as seguintes:

Para a produción de semente de base: 0,2 %.

Para a produción de semente certificada: 0,5 %.

Estas porcentaxes exixiranse a partir do momento en que ao menos un 5 % das plantas do parental feminino teñan flores receptivas ao pole.

3. Androesterilidade.—No parental feminino, o contido máximo admitido de plantas capaces de emitir pole será o seguinte:

Produción de semente de base: 0,1 %.

Produción de semente certificada: 0, 3%.

Estas porcentaxes determinaranse examinando as flores para comprobar a ausencia de anteras fértiles.

4. Inspeccións.—O número de inspeccións de campo será de tres como mínimo: a primeira ao comezo da floración, a segunda antes do final da floración, e a terceira ao final desta, tras eliminar as plantas do parental masculino.

e) Requisitos das sementes: as sementes das distintas categorías deben cumprir os requisitos que se sinalan no anexo 2.

f) Comunicacions dos produtores:

1. Declaración de cultivos.—A declaración de cultivos ten que figurar en poder dos servizos oficiais de control, nun prazo máximo de vinte días, despois de efectuada a sementeira das parcelas.

Poderáselles exixir aos produtores que xunten bosquejos detallados de situación da leira e da parcela.

Calquera modificación na declaración de cultivos será comunicada dentro do prazo de quince días de se ter producido.

2. Comunicacions durante o ciclo de produción e preparación da semente.—Son necesarias as seguintes:

Data en que se iniciará a recolección.

Situación dos almacéns onde estará depositado o algodón bruto e factorías onde se realizarán as operacións de ripadura das súas partidas, das cales se obterán as sementes correspondentes a cada unha das categorías incluídas neste regulamento.

Data en que se iniciará a ripadura das partidas de algodón para obter sementes de base e certificadas, de primeira e segunda reprodución (R-1 e R-2), con cinco días, ao menos, de anticipación.

Principios activos, composición, dose e forma de aplicación do produto que se utilizará na desinfección da semente en cada caso.

Situación dos almacéns onde se realizará a precintaxe e cantidades de semente que se precintará en cada un deles.

Data de iniciación das operacións de selección e preparación da semente.

V. *Ripadura e acondicionamento da semente*

a) Ripadura: as operacións de ripadura do algodón bruto, para a obtención das sementes das distintas categorías incluídas neste regulamento técnico, realizaranse logo da completa limpeza de máquinas e locais, co obxecto de evitar toda mestura de sementes de algodón de orixe distinta. No mesmo local de ripadura ou de almacenamento non poderán estar asemade sementes para ripar ou ripadas e gran de algodón para ripar ou ripado destinado a usos exclusivamente industriais. No caso de que se trate de semente das categorías de base e certificada, de primeira e segunda reprodución (R-1 e R-2), os servizos oficiais de control poderán exixir que esa operación se realice en presenza dun inspector.

b) Desinfección: toda partida de semente que se precinte deberá, se for necesario, ser sometida a unha desinfección interna e, en todo caso, a un tratamento externo con produtos previamente aprobados polos servizos oficiais de control.

VI. *Precintaxe de sementes*

a) Requisitos dos lotes de semente: os tamaños máximos dos lotes de semente serán os indicados no anexo 3.

b) Envases: os envases en que se vaia comercializar a semente poderán ter calquera capacidade comprendida entre 10 e 50 quilogramos, non existindo limitacións en canto ao material de que estean fabricados, sempre que reúnan as suficientes condicións de seguridade e sexan aptos para a conservación da semente. Exceptúanse da limitación superior de peso os contedores ou outros recipientes que se admitan internacionalmente para o transporte de semente.

c) Precintaxe: ademais das sementes de base e certificadas de primeira, segunda ou terceira reprodución precintaranse as correspondentes á categoría inmediatamente anterior á de base.

d) Para as especies incluídas neste regulamento será de aplicación o disposto nos puntos 26a, 26b e 26c do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, referente a sementes non certificadas definitivamente, e só nos casos en que procedan da multiplicación de sementes de categorías prebase, base ou certificada de primeira reprodución.

VII. *Probas de precontrol e poscontrol*

Todo produtor debe sementar en campos de precontrol unha parcela coas mostras de cada un dos lotes que precintase de semente de base e de semente certificada destinada a unha nova multiplicación.

Así mesmo, realizará probas de poscontrol, debendo sementar, como mínimo, as mostras elixidas ao chou correspondentes a un 50 por 100 dos lotes de semente certificada, que non se vaia destinar a novas multiplicacións.

O tamaño das parcelas correspondentes a cada mostra non debe ser inferior a 40 metros cadrados, para as sementes certificadas, e 60 metros cadrados, para as de base.

Nas parcelas de precontrol e poscontrol sinalaranse, pero non se arrancarán, as plantas doutras variedades, as plantas con variacións atípicas da variedade e mutantes ou enfermadas.

VIII. *Produtores de sementes*

a) Categorias de produtores: admítense as seguintes categorías de produtores:

Produtor-obtentor.

Produtor-seleccionador.

b) Capacidade das instalacións: a capacidade das instalacións para ser produtor-seleccionador debe ser tal que, como mínimo, permita a manipulación do algodón bruto necesario para unha produción anual de 800 toneladas métricas de semente, excepto para os produtores que obteñan exclusivamente semente de cânabo ou liño, caso en que se permitirá que a capacidade das instalacións sexa menor.

c) Clase de instalacións: os produtores-seleccionadores de algodón posuirán, ademais das instalacións sinaladas no Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, de modo directo ou en colaboración, as de ripadura e desborra; así mesmo, disporán en propiedade ou por convenio, ademais, dun laboratorio convenientemente equipado para efectuar as análises de lonxitude, finura e resistencia de fibras de algodón, así como de persoal especializado para estas operacións.

d) Campos en cultivo directo: os produtores-seleccionadores deberán dispor de campos en cultivo directo para a obtención das xeracións anteriores á semente de base e para establecer os campos de precontrol e poscontrol, en superficie adecuada aos seus plans de produción, a semente de base poderase producir en leiras de agricultores-colaboradores.

IX. *Comercialización*

a) Etiquetas: nas etiquetas oficiais e nas do produtor ou impresos equivalentes, de ser o caso, deberán figurar, como mínimo, os datos que exige o Regulamento xeral de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.

b) Subdivisión en pequenos envases: os produtores non poderán proceder ao fraccionamento dos envases orixinais precintados noutros máis pequenos se estes non son precintados polos servizos oficiais de control.

c) Semente de campañas anteriores: para poder comercializar sementes de campañas anteriores, é requisito indispensable a realización de nova análise en data non anterior ao 1 de decembro.

d) Comunicacions relativas a comercialización: as vendas por variedades e remanentes de cada variedade de sementes procedentes da campaña anterior comunicaranse antes do 1 de outubro de cada ano.

X. *Sementes importadas*

As sementes que se importen de países terceiros deberán corresponder a especies e categorías para as cales se recoñece a equivalencia dos procesos de produción e dos requisitos das sementes no nivel da Unión Europea.

ANEXO 1

Requisitos dos procesos de produción

Categoría da semente que se vai producir	Tamaño das parcelas (mínimo)	Número de anos sen cultivar a mesma especie na parcela (mínimo)	Illamento (mínimo) (1)	Plantas outras variedades (máximo)	Plantas outras especies cultivadas (máximo)	Plantas infectadas (máximo)
Algodón:						
Semente de base.	0,5 ha	1 ano	100 m (2)	1/30 m ²	0/ha	50/ha
Semente certificada (R-1).	2 ha	1 ano	30 m (2)	1/10 m ²	1/ha	100/ha
Semente certificada (R-2).	2 ha	1 ano	30 m (2)	1/10 m ²	3/ha	500/ha
Cánabo:						
Semente de base.	–	2 anos	400 m	1/30 m ²	–	–
Semente certificada (R-1 e R-2).	2 ha	2 anos	200 m	1/10 m ²	–	–
Cánabo monoico:						
Semente de base.	–	2 anos	5.000 m	1/30 m ² (3)	–	–
Semente certificada (R-1 e R-2).	2 ha	2 anos	1.000 m	1/10 m ² (3)	–	–
Liño:						
Semente de base.	–	2 anos	10 m	3/1.000	–	–
Semente certificada (R-1 e R-2).	2 ha	2 anos	0,5 m	20/1.000	–	–
Semente certificada (R-3).	2 ha	2 anos	0,5 m	25/1.000	–	–

(1) Estas distancias poderán non observarse cando exista unha protección suficiente contra toda polinización estraña non desexable.

(2) Para «*Gossypium hirsutum*». Para «*Gossypium barbadense*» e híbridos interespecíficos fixos de «*Gossypium hirsutum*» e «*Gossypium barbadense*», as distancias para base, certificada R-1 e certificada R-2 será de 200, 150 e 150 metros, respectivamente.

(3) As porcentaxes máximas admitidas de plantas monoicas demasiado masculinas serán do 5 por 100, nos campos de produción de semente de base, e do 10 por 100, nos de certificada R-1; e o número de plantas dioicas masculinas florecidas, acumulado ao longo das sucesivas inspeccións, non pode superar 1 por hectárea nos campos de produción de semente de base, 3 por hectárea nos de produción de R-1, nin o 1 por 100 nos de produción de R-2.

Observacións:

Primeira.–Tamaño mínimo das parcelas: non existirá limitación nas parcelas de produción de semente de variedades de recente introdución ou de venda limitada, sempre que para cada unha non se sementen máis de dúas parcelas diferentes nunha mesma zona.

Segunda.–Cultivo anterior: non se poderá dedicar á produción de semente de calquera categoría ningunha parcela que na campaña anterior, ou nas dúas anteriores se se trata de cánabo ou liño, estivese cultivada coa mesma especie, salvo que se trate da mesma variedade e categoría igual ou superior á que se sementa.

Terceira.–Illamento: as distancias mínimas no caso do algodón pódense reducir a tres metros cando se trate dun campo de produción de semente e outro sementado con semente da mesma variedade e categoría igual ou anterior á que se vai producir e sempre que fose obtida polo mesmo produtor.

Cuarta.–Plantas doutras variedades: para a determinación das proporcións de plantas doutras variedades ou fóra de tipo, así como as referentes aos ordinais quinto e sexto, efectuaranse contaxes ao chou, cuxo número estará en relación coas exigencias que figuran nos citados ordinais.

Quinta.–Plantas doutras especies cultivadas: consideraranse unicamente as especies cultivadas de difícil separación mecánica na manipulación das sementes.

Os servizos oficiais de control poderán diferir a aceptación ou anulación dunha parcela no caso de que se excedan os máximos fixados, ata que se procedese á selección

mecánica e análise das mostras, cando o produtor o solicite e sempre que quede garantido que a semente da parcela considerada non se mesturou coa doutras parcelas.

Sexta.–Plantas infectadas: en xeral, consideraranse aquelas enfermidades que se transmiten por sementes, sen se manifestaren nelas, ou que as danen de forma directa ou indirecta de maneira apreciable.

En especial, para as sementes de algodón, considéranse as bacterioses («Xanthomonas malvacearum») enfermidades criptogámicas como: antracnose («Glomerella gossypii»), putrefacción («Ascochita gossypii») e podremia («Phymatoutrichum omnivorum»); e en variedades resistentes, a fusariose («Fusarium vasinfectum») e verticilose («Verticilium spp.»), consideraranse as plantas atacadas por estas enfermidades.

ANEXO 2

Requisitos das sementes

Categoría de semente	Pureza específica – Porcentaxe (mínimo)	Materia inerte (máximo) – Porcentaxe	Pureza varietal (mínimo) – Porcentaxe	Sementes outras especies (máximo)	Sementes de Avena fatua e A. sterilis	Cuscuta spp.	Xerminación – Porcentaxe (mínimo)
Algodón:							
Semente de base e ant.	98	2	99,9	15/1.000 g	0	0 (a)	80
Semente certificada (R-1).	98	2	99,8	15/1.000 g	0	0 (a)	80
Semente certificada (R-2).	98	2	99,7	15/1.000 g	0	0 (a)	80
Cánabo:							
Semente de base e ant.	98	2	–	30/600 g (a)	0	0 (a)	75
Semente certificada (R-1).	98	2	–	30/600 g (a)	0	0 (a)	75
Semente certificada (R-2).	98	2	–	30/600 g (a)	0	0 (a)	75
Liño téxtil:							
Semente de base e ant.	99	1	99,7	15/150 g	0	0 (a) (b)	92
Semente certificada (R-1).	99	1	98,0	15/150 g	0	0 (a) (b)	92
Semente certificada (R-2).	99	1	97,5	15/150 g	0	0 (a) (b)	92
Semente certificada (R-3).	99	1	97,5	15/150 g	0	0 (a) (b)	92

(a) Esta contaxe de sementes pode non realizarse, a non ser que haxa dúbidas respecto ao seu contido.

(b) A presenza dunha semente de «Cuscuta spp.» nunha mostra do peso indicado non se considera impureza se unha segunda mostra do mesmo peso está exenta.

Observacións:

Primeira.–Non se admitirá ningún lote de cánabo que conteña unha semente de «Orobancha spp.»; porén, unha semente de «Orobancha spp.» nunha mostra de 100 gramos non se terá en conta se unha segunda mostra de 200 gramos non contén ningunha.

Segunda.–Non se admitirá ningún lote de liño que conteña máis de catro sementes de «Alopecurus myosuroides» ou máis de dúas sementes de «Lolium remotum» nunha mostra de 150 gramos.

Terceira.–Sementes portadoras de infeccións:

Non se admitirá ningún lote de algodón que conteña máis do 1 por 100 de sementes contaminadas por «Platyedria gossypiella».

Non se admitirá ningún lote de cánabo nin de liño téxtil que conteña máis do 5 por 100 de sementes infectadas por «Boutrytis spp.»

Non se admitirá ningún lote de liño téxtil que conteña máis do 5 por 100 de sementes infectadas por «Alternaria linicola», «Colletotrichum linicola» ou «Fusarium spp.», ou máis do 1 por 100 de sementes infectadas por «Phoma exigua var. linicola».

ANEXO 3

Pesos dos lotes e das mostras

Especie e categoría	Peso máximo do lote (quilogramos)	Peso mínimo da mostra que se tomará dun lote (gramos)	Peso da mostra para efectuar as contaxes do anexo 2 (gramos)
Algodón	25.000	1.000	1.000
Cánabo	10.000	600	600
Liño	10.000	300	150

Observacións:

Nos pesos máximos dos lotes admítase unha tolerancia do 5 por 100.

Os lotes de semente de base estarán constituídos por sementes procedentes dun só campo.

Os lotes de semente certificada poden proceder dunha ou varias.